



ACTA Nº 2020/6
SESIÓN PLENARIA MARTES 29 DE SETEMBRO DE 2020

ACTA Nº 2020/6

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
MARTES 29 DE SETEMBRO DE 2020 -



ACTA Nº 2020/6

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ.

ASISTEN:

BNG
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O MARTES 29 DE SETEMBRO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:07 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os

asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación inicial do Orzamento 2020.
- 2.- Aprobación inicial do Plan Económico Financeiro 2020/2021.

1.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VILASANTAR CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2020.

EXPTE. TEDEC: 2020/T004/000001 (Orzamento).

EXPTE. TEDED: 2020/G012/000001 (Com. Esp. Contas).

EXPTE. TEDEC: 2020/G010/000006 (Pleno).

Visto o réxime xurídico previsto nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referente á conta xeral das entidades locais.



Visto que a documentación obrante no expediente administrativo de referencia se corresponde cos requisitos establecidos no artigo 164 do referido RDLex 2/2004.

Visto o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2020, así como, as súas Bases de Execución, a proposta de Investimentos e a relación de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto que constan os informes do Interventor municipal e o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Débeda, do que se desprende que a situación é de superávit e máis o cumprimento do déficit. Non se analiza a regra do gasto, por non pedilo así a normativa vixente, se ben o interventor fai constar que a mesma será esixida con motivo da liquidación do presente orzamento, e en cumprimento da necesidade da aprobación, execución e avaliación do Plan Económico Financeiro a aprobar na seguinte sesión do Pleno desta entidade.

Visto que o presente expediente administrativo foi levado á Comisión Especial de Contas para a súa toma en consideración e emisión de dictame cos votos a favor de tres dos seus integrantes e o voto en contra dun deles (don Jose Antonio Cotos Seoane).

Visto que tras a presentación dos orzamentos para o exercicio 2020 por parte do Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, o concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, critica a tardanza na aprobación dos mesmos e volve a queixarse das dificultades de acceso e consulta da documentación anexa á convocatoria da sesión plenaria.

Ademáis, o mesmo concelleiro do BNG manifesta que se detectan posibles erros nas bases de execución, no punto referente ás cuantías das dietas de asistencia a plenos dos concelleiros e da asignación ós grupos políticos, así como na plantilla de personal no importe das retribucións anuais do posto de aparelador municipal.

Ante esta situación, solicítaselle á Secretaría – Intervención a súa opinión, indicando que de seren erros aritméticos procederase á súa corrección.

Os concelleiros do BNG tamén indican a falta de previsión de trienios para o personal laboral.

Ademáis, consideran que as partidas de subvencións recollidas no capítulo IV do orzamento de gastos deberían ser ampliadas na súa cuantía.

Tras o debate destas cuestións entre os dous grupos políticos, acórdase a modificación puntual da proposta de orzamentos xerais municipais para o exercicio 2020 minorando a subvención nominativa para Protección Civil de Vilasantar nun 50%, resultando un importe de 4.000,00€ e creando unha subvención nominativa a favor da A.N.P.A. por importe de 4.000,00€.



Estas modificacións non implican un maior gasto nin desvirtúan as cifras do proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2020 informado pola secretaría – intervención e así se fai constar na propia sesión polo secretario – interventor.

A maiores, o Pleno entende positivo a mellora das subvencións en apoio á natalidade.

En virtude do disposto no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 98 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda o seguinte, con seis votos a favor (concelleiros do PP), ningún voto en contra e dúas abstencións (concelleiros do BNG):

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilasantar, para o exercicio económico 2020 xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe total de 2.277.927,36 euros no orzamento de ingresos e 2.277.927,36 euros no orzamento de gastos.

Segundo. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

Terceiro. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2020, as Bases de Execución e persoal aprobados, por prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Cuarto. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Quinto. Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia

Sexto. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

2.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ECONOMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE VILASANTAR CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2020.

EXPTE. TEDEC: 2020/X999/000113 (PEF).

EXPTE. TEDEC: 2020/G010/000006 (Pleno).

Visto o informe do Interventor e a proposta de Plan Económico -financeiro de data 25 de setembro de 2020, para os anos 2020 e 2021.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no art. 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno Municipal.

En virtude do disposto nos artigos 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Disposición Adicional décimo sexta da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local; e nos artigos 98



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/6
SESIÓN PLENARIA MARTES 29 DE SETEMBRO DE 2020

e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda o seguinte:

Primeiro: Aprobar o Plan económico -financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

Segundo. A efectos soamente informativos, publicar o Plan Económico -financeiro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e dar ao mesmo a publicidade correspondente os orzamentos municipais.

Terceiro. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Ás 14:20 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 2 de outubro de 2020
O secretario, Ricardo Garrido Caneda
Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández